

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 27 DE SETEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban as actualizacións de plans de emerxencia exterior de determinadas empresas químicas situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello do Irixo para a execución da obra: "Abastecemento de auga ao Irixo de Enriba. O Irixo (Ourense)", clave OH.232.777, por importe de trescentos sete mil douscentos dezanove euros con cincuenta e nove céntimos (307.219,59 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adhesión do concello de Barro á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Alto da Croa, concello de Vimianzo como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación co programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento

2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013, por un importe de sete millóns cincocentos vinte mil euros (7.520.000,00 euros), cofinanciados polo FSE.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. (Importe total: seis millóns cincocentos mil euros 6.500.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a ampliación dos créditos previstos na Orde do 18 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica durante o ano 2013 e 2014 de programas integrados para o emprego. Importe total da ampliación: seiscentos vinte e oito mil euros (628.000,00 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre os resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do Instituto Nacional de Estatística correspondentes aos meses de xullo e agosto.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe da achega de fondos Feder e FSE para o período 2014-2020.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a Resolución do 17 de setembro de 2013 da Dirección do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), en que se contén a listaxe de empresas e autónomos que finalmente accederon ás axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética na industria e servizos 2013-2014.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.
- Informe para a declaración de ben de interese cultural das coleccións de arte de Novacaixagalicia e Novagalicia Banco e do fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe do Programa de formación competencial, en colaboración coa Fundación Barrié.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de accesibilidade.

## **A XUNTA APROBA AS REVISIÓNS DOS PLANS DE EMERXENCIAS DE TRES EMPRESAS QUÍMICAS GALEGAS**

- ***Estes plans teñen como obxectivo determinar os posibles riscos das instalacións industriais e ter preparada a resposta adecuada para minimizar as consecuencias en caso de producirse un accidente***
- ***Aprobáronse as actualizacións dos PEE de Foresa Caldas, Foresa Vilagarcía e Forestal del Atlántico-Imegasa-Reganosa***

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se actualizan os plans de emerxencias exteriores (PEE) de varias empresas químicas situadas na nosa comunidade debido ás modificacións sufridas nos establecementos, tanto na parte da análise de riscos, como na vulnerabilidade, pois o contorno tamén foi modificado (construcións residenciais, infraestruturas,...). Ademais, os medios e recursos adscritos a estes plans para evitar danos no exterior, son diferentes a cando os Plans iniciais foron aprobados.

Mediante o presente decreto apróbanse as revisións e actualizacións dos PEE das empresas Foresa (Caldas de Reis), Foresa (Vilagarcía de Arousa) e Forestal del Atlántico-Imegasa (Mugardos) e Reganosa, que foron aprobados polos decretos 72/2005 , do 7 de abril e 144/2007, do 19 de xullo, e homologados posteriormente nos plenos da Comisión Nacional de Protección Civil do 24 de febreiro de 2005, e 10 de xullo de 2007. Os PEE de Forestal do Atlántico-Imegasa e Reganosa pasan a unificarse nun só documento, que é o PEE de Punta Promontorio (Mugardos, A Coruña).

Estas revisións xa foron aprobadas pola Comisión Galega de Protección Civil e homologadas pola Comisión Permanente da Comisión Nacional de Protección Civil, e unha vez aprobadas polo Consello da Xunta serán publicadas no Diario Oficial de Galicia.

Os plans teñen como obxectivo determinar os posibles riscos das instalacións industriais e ter preparada a resposta adecuada para minimizar as consecuencias en caso de producirse un accidente. As principais modificacións nestes Plans son a modificación da lista de sustancias e actualización das cantidades, a adaptación dos grupos de intervención e a modificación no entorno das empresas, coma construcións residenciais ou infraestruturas.

## **A XUNTA MELLORARÁ O ABASTECIMENTO DE TRES NÚCLEOS DO CONCELLO DO IRIXO, UNHA INFRAESTRUTURA QUE TEN PRETO DE 40 ANOS**

- ***A rede actual presenta serias deficiencias, provocadas pola deterioración ocasionada polo paso do tempo, e importantes filtracións na captación, así como roturas e acumulacións de aire na condución***
- ***Este proxecto de mellora do abastecemento tamén implicará a construción dun depósito semienterrado de 200 m<sup>3</sup>, así como un pozo de rexistro e unha rede de tubaxe de case dous quilómetros***
- ***Co visto e praxe a esta colaboración, a Consellería Medio Ambiente poderá licitar esta obra no primeiro trimestre do vindeiro ano, cun investimento de 300.000 euros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, e o Concello do Irixo, para a mellora do abastecemento de auga en tres núcleos deste municipio ourensá: O Irixo de Enriba, Vila e Ponte Irixo. Deste xeito, o departamento que dirixe Agustín Hernández subvencionará o 100 por cento do importe das obras, que se eleva a máis de 300.000 euros.

Dende a Consellería de Medio Ambiente destácase a necesidade desta actuación xa que a rede de abastecemento actual conta con máis de 40 anos de uso e presenta serias deficiencias, provocadas pola deterioración ocasionada polo paso do tempo. Tamén se observan importantes filtracións na captación, frecuentes roturas e acumulacións de aire na condución, e o depósito existente foi construído polos propios veciños hai máis de catro décadas, polo que está obsoleto e presenta importantes fugas.

O proxecto para a execución da obra de abastecemento de auga define e valora as actuacións necesarias para aumentar a eficiencia do servizo mediante a mellora da captación, da rede e a construción dun novo depósito. Acondicionarase a represa cun novo muro de material xeotéxtil e grava, e instalarse un novo pozo de rexistro con ventosa. As tubaxes necesarias para esta actuación medirán case dous quilómetros. Este proxecto de mellora do abastecemento tamén implicará a construción dun depósito semienterrado de 200 m<sup>3</sup>.

Con esta obra garantirase a subministración de auga en calidade e cantidade aos veciños dos núcleos do Irixo de Enriba, Vila e Ponte Irixo, ao tempo que se eliminan os problemas de fugas coa renovación da rede, un novo depósito e unha nova captación.

Coa aprobación esta mañá no Consello da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá licitar esta obra no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de adxudicala no primeiro trimestre do vindeiro ano.

## **O CONCELLO DE BARRO DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDE**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre APLU e o municipio pontevedrés***
- ***Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50% pasará á Xunta e o 50% restante ao concello***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello pontevedrés de Barro.

Este acordo permite que o municipio delegue na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións. As actuacións terían que estar situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

### **Ingresos compartidos**

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

### Concellos adheridos

Nestes momentos hai 60 concellos adheridos á Axencia, que colabora coa Administración local co fin de garantir un maior cumprimento da normativa urbanística e atallar as infraccións que se comenten así como repor a realidade física alterada, ademais de achegar maior información e formación para o persoal do concello que se adhire.

### CONCELLOS ADHERIDOS Á APLU

Concello	Provincia
ARES	A CORUÑA
FENE	A CORUÑA
CARBALLO	A CORUÑA
CABANAS	A CORUÑA
MIÑO	A CORUÑA
PORTO DO SON	A CORUÑA
LOUSAME	A CORUÑA
MUGARDOS	A CORUÑA
CARIÑO	A CORUÑA
ARZÚA	A CORUÑA
TOQUES	A CORUÑA
DODRO	A CORUÑA
VAL DO DUBRA	A CORUÑA
OROSO	A CORUÑA
PONTECESO	A CORUÑA
A BAÑA	A CORUÑA
A CAPELA	A CORUÑA
CEDEIRA	A CORUÑA
BOIMORTO	A CORUÑA



CASTROVERDE	LUGO
BECERREÁ	LUGO
BEGONTE	LUGO
RIBEIRA DE PIQUÍN	LUGO
O SAVIÑAO	LUGO
O VALADOURO	LUGO
PANTON	LUGO
LOURENZÁ	LUGO
TRABADA	LUGO
TABOADELA	OURENSE
CORTEGADA	OURENSE
PADERNE DE ALLARIZ	OURENSE
PUNXÍN	OURENSE
MACEA	OURENSE
ENTRIMO	OURENSE
PARADA DE SIL	OURENSE
AMOEIRO	OURENSE
SAN AMARO	OURENSE
VILAMARÍN	OURENSE
PETÍN	OURENSE
CASTRELO DE MIÑO	OURENSE
VILARDEVÓS	OURENSE
NOGUEIRA DE RAMUIN	OURENSE
VERÍN	OURENSE
PIÑOR	OURENSE
O BARCO DE VALDEORRAS	OURENSE
GOMESENDE	OURENSE
CASTRELO DO VAL	OURENSE
CARBALLEDA DE AVIA	OURENSE
MASIDE	OURENSE
A GUARDA	PONTEVEDRA
PONTEAREAS	PONTEVEDRA
MEAÑO	PONTEVEDRA
NIGRÁN	PONTEVEDRA
PONTECESURES	PONTEVEDRA
VILABOA	PONTEVEDRA
MORAÑA	PONTEVEDRA
CUNTIS	PONTEVEDRA
CALDAS DE REIS	PONTEVEDRA





---

FORCAREI	PONTEVEDRA
OIA	PONTEVEDRA

## **A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO ALTO DA CROA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6 MILLÓNS NO CONCELLO CORUÑÉS DE VIMIANZO**

- ***Con esta instalación, que contará con 4 aerogeradores de 2 MW cada un, Galicia avanza na produción de enerxía a partir de fontes renovables***
- ***A infraestrutura suporá unha nova fonte de financiamento para o municipio a través dos ingresos que percibirán polo canon eólico***

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o parque eólico Alto da Croa como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o que supón o último paso na tramitación autonómica deste parque que estará composto por 4 aerogeradores que, cunha potencia total de 8 MW, beneficiará o Concello de Vimianzo.

A aprobación desta nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, que contempla un investimento de máis de 6 millóns de euros, supón un novo avance na aposta estratéxica do Goberno galego polo desenvolvemento deste tipo de enerxías máis limpas, así como un paso máis na redución de fontes contaminantes e da dependencia do exterior.

Neste sentido, cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade.

Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta aos concellos, de xeito que por medio do canon eólico recadáronse xa máis de 91 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para o Concello de Vimianzo, que poderá beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.

O prazo de execución previsto para o parque eólico Alto da Croa, ata a completa posta en marcha das instalacións, é de 6 meses a partir do inicio das obras, para as cales a empresa promotora, Gamesa Energía, S.A., deberá agora solicitar a licenza municipal.

## **CULTURA E EDUCACIÓN INCREMENTA EN MÁIS DUN 13% O FINANCIAMENTO DAS AXUDAS PARA QUE O PERSOAL DOUTOR COMPLETE A SÚA FORMACIÓN NA ETAPA POSDOUTORAL NO ESTRANXEIRO E SE INCORPORE Á UNIVERSIDADE GALEGA AO SEU RETORNO**

- *A Consellería investirá este ano máis de 7,5 millóns de euros en 100 axudas para apoiar a etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015*
- *É a segunda convocatoria deste tipo dentro do Plan I2C, que permite dar continuidade ao labor científico que os investigadores están a desenvolver mellorando a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitando a súa posterior volta a Galicia*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reafirmou o seu compromiso coa formación universitaria de excelencia e coa permanencia do talento dos nosos investigadores no Sistema universitario de Galicia. De acordo con isto, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á segunda convocatoria de axudas do Programa de apoio á formación inicial da etapa posdoutoral, para as universidades galegas, no marco do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, unha liña posta en marcha polo actual Goberno galego.

Ao abeiro desta convocatoria haberá 100 prazas, número superior ás de 2012, para o que se destinarán máis de 7,5 millóns de euros, o que supón incrementar o orzamento destinado a esta iniciativa nun 13,25%. Trátase da segunda vez que se convocan estas axudas dentro do Plan I2C e, a pesar do actual contexto de dificultades, amplía o número de axudas, tanto con respecto ao antigo Plan INCITE, como respecto do ano 2012.

O obxectivo destas axudas é fomentar que as universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) contraten persoal doutor co obxecto de mellorar a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitando, ademais, o seu reingreso nunha universidade do SUG cun ano máis de contrato. Cómpre sinalar que, dada a complexidade do programa se creou un grupo de traballo entre a Secretaría Xeral de Universidades e as tres universidades galegas que traballaron conxuntamente nas liñas básicas que permitiron acadar un consenso entre os diferentes intereses e necesidades, que fai posible esta convocatoria.

### **Requisitos, contía e financiamento**

A Consellería convocará axudas en dúas modalidades. Nunha delas, a Consellería financiará un máximo de 50 axudas cunha retribución bruta anual variable en función dos países onde o persoal doutor desenvolva as súas estadías. Nos dous anos de

estadía a dotación mínima do programa oscilará entre os 34.000 euros e os 40.000 euros, para cada unha das axudas en función dos países de destino. No ano de contrato retorno a retribución equipárase coa dos investigadores en activo do Programa Isidro Parga Pondal e supón un total de 35.200 euros por axuda outorgada. Nestas cantidades está incluído un seguro de accidentes, responsabilidade civil e cobertura médica de cada unha das persoas seleccionadas nos períodos de permanencia fóra do país.

Poderán solicitar estas axudas as universidades do SUG que presenten aspirantes e contraten este persoal doutor por un período de tres anos para a súa formación especializada no estranxeiro e nas propias universidades. Cómpre salientar que todo o período se desenvolverá baixo a modalidade de contrato segundo o solicitado á Consellería polas tres universidades e de acordo co sinalado pola Lei da ciencia.

Na outra modalidade poderanse conceder un máximo de 50 axudas dirixidas a persoal investigador do Programa Ángeles Alvariño do Plan INCITE (convocatorias de 2007 ou 2009), co fin de procurarlles continuidade a súa traxectoria investigadora posdoutoral no ámbito autonómico. Nesta modalidade financiarase un máximo dun ano nunha universidade do SUG cun máximo de 35.200 euros por cada axuda.

Debido ao complexo da tramitación, os requirimentos e trámites serán moi similares aos da convocatoria anterior para que os candidatos que as propias universidades presenten dispoñan do tempo necesario e teñan un marco de referencia estable para xestionar os permisos e acordos necesarios cos centros do estranxeiro nos cales pretenden desenvolver os períodos de estadía. Esta información está ao dispor dos interesados nas diferentes universidades.

### **Control de calidade**

Os seleccionados, no contexto deste programa, deberán superar un proceso de avaliación intermedio e outro final de acordo con criterios de excelencia científica que, no caso de que o superen, os habilitará para acceder a unha segunda fase de axudas posdoutorais de dous anos de contrato nunha universidade galega para continuar coa súa formación e permitir a reversión na Comunidade Autónoma do investimento realizado no seu día e do capital de coñecemento adquirido.

A convocatoria desta axudas permite manter a aposta da Xunta de Galicia polos recursos humanos ligados ao Sistema galego de I+D+I, unha iniciativa que se está a ver reforzada no seo do Plan galego de investigación, innovación e coñecemento 2011-2015 (I2C).

## **PRETO DE 12.000 PERSOAS BENEFICIARANSE DA ORDE DE FORMACIÓN PARA OCUPADOS QUE CONTA CUN INVESTIMENTO DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe esta convocatoria de axudas para accións formativas, nas que tamén poderán participar desempregados desde un mínimo do 20 por cento ata un máximo do 40 por cento dos asistentes***
- ***Ofreceranse cursos adaptados ás necesidades do mercado de traballo, de forma que se favoreza o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores, ao tempo que se mellora a competitividade e produtividade das empresas***
- ***Esta iniciativa complementase coa axudas para a formación de desempregados, xa en execución, dotadas en 2013 con máis de 40 millóns de euros e que chegarán a 14.000 persoas***
- ***Esta mañá tamén se autorizou a ampliación de crédito dos programas integrados de emprego en 628.000 euros, ata chegar aos 2,5 millóns***
- ***As entidades beneficiarias destas subvencións comprométense a acadar, de media, a inserción laboral do 40 por cento dos beneficiarios, que serán uns 2.300 en total***

Preto de 12.000 persoas, prioritariamente traballadores ocupados, beneficiaranse da orde para financiar plans de formación que autorizou hoxe o Consello da Xunta, e que ten un orzamento de 6,5 millóns de euros. Nestas accións tamén poderán participar persoas desempregadas, sempre que supoñan un mínimo do 20 por cento e un máximo do 40 por cento dos asistentes.

O obxectivo destas axudas, de carácter plurianual, é ofrecer uns plans de formación axustados ás necesidades do mercado de traballo, de forma que se favoreza o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores, ao tempo que se mellora a competitividade e produtividade das empresas.

En concreto, a convocatoria divídese en catro eixos. O primeiro deles está dotado con 5 millóns de euros e ten como fin financiar accións formativas para persoas traballadoras ocupadas que serán desenvolvidas polas organizacións empresariais e sindicais intersectoriais máis representativas.

O segundo eixo vai dirixido a confederacións e federacións de cooperativas ou sociedades laborais con suficiente implantación, e contará con 162.500 euros. Pola súa banda, as entidades asociativas de traballadores autónomos, sempre que sexan intersectoriais e de ámbito galego, poderán recibir ata 195.000 euros.

O cuarto e o último eixo é o referido aos plans específicos nos que se imparta formación parcial acumulable asociada á obtención de certificados de profesionalidade, e que

estará dotado con 1,1 millóns de euros. Os beneficiarios serán os centros e entidades de formación privados, acreditados no Rexistro Oficial de Centros de Galicia.

Toda a formación, que poderá ser presencial, de teleformación ou mixta, deberá cumprir todos os requisitos de calidade e estará supervisada polo departamento autonómico.

Ademais, cabe lembrar que aqueles desempregados que participen nestas accións poderán obter axudas por asistencia, transporte, e conciliación; así como para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero.

### **Ampliación de programas integrados**

Por outra banda, o Consello da Xunta aprobou hoxe tamén a ampliación de crédito da orde de subvencións dos programas integrados para o emprego 2013-2014. En concreto, ampliarase o seu orzamento en 628.000 euros, de xeito que dos 1,9 millóns autorizados o pasado mes de abril pasará a 2,5 millóns.

Estes programas, que se prevé que beneficien co total de investimento a 2.300 persoas, combinan información, orientación, asesoramento, formación e prácticas laborais. As entidades beneficiarias destas axudas –concellos e organizacións sen ánimo de lucro– comprométense a acadar, de media, a inserción laboral do 40 por cento dos seus participantes.

Estas actuacións priorizan as persoas con discapacidade, en risco de exclusión, mulleres, menores de 30 anos, parados de longa duración ou procedentes dunha empresa en crise, e inmigrantes.

### **Aposta pola empregabilidade**

As ordes aprobadas hoxe inscríbense na aposta do Goberno galego por promover políticas activas que melloran a empregabilidade dos galegos e das galegas.

Así, entre as accións máis salientables, cabe destacar no eido da formación que estes 6,5 millóns para ocupados aprobados hoxe, súmanse aos máis de 40 que se están a destinar este ano aos cursos para desempregados, e que chegarán a 14.000 persoas. Practicamente o 100 por cento destas accións son certificables.

No eido das políticas activas, tamén hai que salientar os obradoiros de emprego que, dotados con máis de 10 millóns de euros, chegarán entre 2013 e 2014 a 1.300 beneficiarios. Pola súa parte, os plans de cooperación cos concellos para a contratación de persoas desempregadas suman máis de 1.800 beneficiarios, cun orzamento duns 8,6 millóns de euros, unha convocatoria á cal se suman os 8,2 millóns de euros destinado á

cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, que chegarán a unhas 560 persoas en situación de desemprego.

Ademais, Traballo tamén aposta polos autónomos, aos cales este ano destina arredor de 24 millóns de euros en tres liñas de axudas das que se poderán beneficiar preto de 3.000 persoas

## **A XUNTA CONTARÁ CON 2.800 MILLÓNS DE FONDOS ESTRUTURAIS PARA O PERÍODO 2014-2020, UN 40% MÁIS DO PREVISTO**

- ***Galicia mellora a súa rede de seguridade, cuantificada inicialmente no 60% dos recursos dos que dispuxo no período 2007-2013, e chega ata o 83%***
- ***O financiamento por habitante en Galicia, de 1.000 euros, triplica a media do que percibirán as comunidades na mesma situación***
- ***Así, garántese que a Comunidade galega manteña o seu esforzo investidor para seguir converxendo coa media das rexións máis desenvolvidas da UE***
- ***Galicia mellorará a súa autonomía e xestionará o 45% dos recursos de Feder e Fondo Social Europeo, catro puntos máis que no actual período***
- ***O 27,6% dos recursos que recibirá Galicia será destinado ao FSE e un 55% da dotación haberá de destinarse a I+D+i, sociedade da información, pemes e Economía baixa en carbono***
- ***Os fondos para cooperación transfronteiriza medran de 28,9 a 30,4 millóns de euros***
- ***Galicia será unhas das comunidades autónomas que manterá unha cofinanciación europea do 80%***

Galicia percibirá unha achega de fondos estruturais da Unión Europea de 2.800 millóns de euros para o período 2014-2020, o que supón un incremento do 40% respecto á cantidade prevista. Deste xeito, a Comunidade galega mellorará a súa rede de seguridade, cuantificada inicialmente no 60% dos recursos dos que dispuxo no período 2007-2013 e que quedará situada no 83%.

O Goberno central acaba de comunicar ás comunidades autónomas as achegas que terán de fondos estruturais (Feder e Fondo Social Europeo) para o novo período comunitario 2014-2020. Segundo recolle un informe presentado hoxe ao Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no caso de Galicia esta achega alcanza os 2.800 millóns de euros e permitirá un financiamento por habitante de preto de 1.000 euros, triplicando a media do que percibirán as comunidades na mesma situación.

Así, Galicia manterá un nivel de recursos moi superior ao agardado, pese a superar o 75% da renda media das rexións europeas, o que provoca que saia por primeira vez do Obxectivo Converxencia. Isto servirá para que Galicia poida manter o seu esforzo investidor para seguir converxendo coa media das rexións máis desenvolvidas da Unión Europea. Ademais, Galicia mellorará a súa autonomía e xestionará o 45% dos recursos de Feder e Fondo Social Europeo (FSE), catro puntos máis que no actual período.



En concreto, o 27,6% dos recursos que recibirá Galicia serán destinados ao Fondo Social Europeo, e un 55% da dotación terá que destinarse a proxectos de I+D+i, sociedade da información, pemes e economía baixa en carbono. A concentración temática neste último ámbito ascenderá como mínimo a un 6%. Por outra banda, os fondos para cooperación transfronteiriza medran e pasan de 28,9 a 30,4 millóns de euros.

Unha vez garantidos estes fondos, queda agora por saber canto recibirá Galicia por Fondos FEMP e FEADER, que incrementará a achega de recursos comunitarios para a Comunidade galega para os vindeiros sete anos.

#### Negociación dende 2009

O actual Goberno, xa desde 2009, estivo realizando un esforzo moi importante, por ser un asunto prioritario, buscando o apoio doutras rexións na mesma situación. Así, traballou en diversas fronteas para garantir que Galicia siga a percibir fondos europeos no vindeiro período 2014-2020.

Por un lado, agrupando as rexións que se atopan na mesma situación dentro da rede Convergence Regions on the way to Cohesion (CROWC), para sumar apoios e transmitir esta demanda a todos os actores europeos implicados; e por outro, a través do traballo no Comité das Rexións da UE, órgano comunitario que agrupa os entes locais e rexionais europeos, onde os representantes galegos teñen defendido e asegurado que se respectase esta rede de seguridade en todos os ditames referidos á futura política de cohesión.

Ademais, distintos altos cargos do Goberno galego mantiveron encontros ao máis alto nivel con mandatarios europeos en Bruxelas e con responsables do Goberno español para lograr o respaldo á postura galega.

A estratexia liderada por Galicia conseguiu que as comunidades afectadas por esta saída por primeira vez do obxectivo converxencia conseguisen unha rede de seguridade mínima do 60%, que no caso de Galicia subirá ata o 83%. Esta foi unha estratexia global e prioritaria de Goberno autonómico, liderada polo presidente.

#### Balance

Desde a entrada de España na UE e ata a data actual, Galicia terá recibido máis de 20.500 millóns de euros en axudas dos Fondos europeos con finalidade estrutural, dos que 13.715 corresponderon a Programas rexionalizados. A evolución foi crecente, cun lixeiro descenso no último período de programación.

Ademais, e para responder ao contexto actual de crise, a Xunta elaborou o Plan Estratégico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020, coa fin de dispoñer dunha planificación económica global coherente coa estratexia da UE, que mellorase a eficacia e eficiencia das políticas da Administración autonómica, con atención especial aos servizos sociais e ao reto demográfico.

Este Plan Estratégico integra os obxectivos e as prioridades da política económica e supón un instrumento de apoio e unha referencia para a sociedade, coa finalidade de aumentar a riqueza de Galicia e o benestar da cidadanía, mediante o incremento da competitividade, da produtividade e da innovación.

## **GALICIA REXISTROU ESTE VERÁN O CRECEMENTO DA CIFRA DE VIAXEIROS ALOXADOS MÁIS ELEVADO DENDE 2004**

- ***O Consello da Xunta informou hoxe sobre o balance turístico deste verán en Galicia no relativo á demanda hoteleira***
- ***A cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos medrou un 12,2% a respecto da rexistrada nos meses de xullo e agosto do ano pasado, as pernoitas subiron tamén un 6,7%***
- ***O turismo internacional rexistra máximos históricos co 18,3% do total da demanda e cunha suba do 11% a respecto do ano pasado***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o balance turístico do verán 2013 en Galicia. Segundo o informe que analiza os resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do INE para Galicia correspondente ao período estival –meses de xullo e agosto-, Galicia rexistrou neste verán un crecemento importante dos niveis de demanda hoteleira, superando nun 12,2% a cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando máis dun millón de viaxeiros no conxunto da comunidade- en un 6,7% o nivel de pernoitas rexistradas, con 2,2 millóns.

Nos últimos once anos, Galicia so tiña conseguido superar o millón de viaxeiros no período estival nos anos 2005 e 2010. En termos de viaxeiros aloxados, o crecemento rexistrado neste ano é o máis elevado dende o ano 2004.

A nivel estatal, Galicia lidera o crecemento do volume de viaxeiros e o mercado hoteleiro do noroeste peninsular en termos de volume. É a segunda vez dende o ano 2005 que a ocupación hoteleira en Galicia se incrementa no período estival, e a primeira nun ano non Xacobeo.

### **Turismo internacional**

O turismo internacional representa o 18,3% do total da demanda, con preto de 230 mil viaxeiros aloxados e 400 mil pernoitas nos hoteis e pensións. Estas cifras supoñen máximos históricos na comunidade, tanto en volume como en peso dentro da estrutura da demanda. A nivel de mercados, o crecemento máis intenso corresponde ao mercado internacional, cun 11% máis que o ano pasado. O interno medrou un 4% e o nacional un 6%.

No caso de Santiago, o turismo internacional consegue acadar máximos históricos con máis de 110.000 pernoitas nos meses de xullo e agosto.

### **Peregrinos**

Nos meses de verán rexistráronse un total de 83.287 peregrinos que recolleron a Compostela na Oficina de Santiago, cifra que supera nun 15,2% o dato do pasado ano. É a cifra máis elevada nun ano non Xacobeo.

Tanto o segmento nacional como o internacional rexistran crecementos en relación ao pasado verán. Os españois subiron un 10,5% e os estranxeiros un 24%, acadando o máximo histórico en Galicia nos meses de xullo e agosto.

## **A XUNTA IMPULSA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MELLORA COMPETITIVA NA INDUSTRIA E NOS SERVIZOS QUE PERMITIRÁN AFORRAR ATA 15 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O novo programa de axudas de Economía e Industria destina preto de 2 millóns de euros para estas áreas de actividade, beneficiando a 114 empresas***
- ***Promóvense actuacións no eido da iluminación, a climatización ou os procesos produtivos, mobilizando preto de 6,5 millóns de euros na mellora da competitividade do tecido empresarial***
- ***Estas iniciativas evitarán a emisión á atmosfera de case 7.000 toneladas de CO<sub>2</sub> cada ano***
- ***Os proxectos que se van desenvolver en zonas con plans Impulsa contan unha valoración adicional do 5%***
- ***A liña de apoios intégrase no plan de actuacións de aforro e eficiencia enerxética que desenvolve o Goberno galego, e que permite nestes momentos un aforro económico anual de 72 millóns de euros***

A Xunta de Galicia ten no aforro e na eficiencia un dos seus piares fundamentais da política enerxética. Por este motivo, e confiando na influencia desta área na mellora da competitividade do tecido empresarial galego, a Consellería de Economía e Industria activou este ano unha novidosa liña de axudas específica para a industria e o sector servizos. A convocatoria beneficiará 114 empresas que, grazas á diminución dos seus consumos enerxéticos, acadarán un aforro conxunto de 15 millóns de euros durante os dez anos de vida útil que, de media, suman as novas instalacións.

Neste sentido, o programa que se resolve destina preto de 2 millóns de euros para empresas e autónomos nestas áreas de actividade, cifra que permitirá mobilizar case 6,5 millóns. Deste xeito, o Goberno galego aposta pola mellora competitiva dos sectores industrial e de servizos, apoiando proxectos que permiten reducir os seus custos enerxéticos implantando tecnoloxía máis eficiente, o que suporá tamén un importante beneficio para o medio ambiente. Así, prevese que coas actuacións que se realicen se aforren máis de 3.000 toneladas equivalentes de petróleo ao ano, o que evitará a emisión á atmosfera de case 7.000 toneladas anuais de CO<sub>2</sub>.

O programa contou cun amplo apoio por parte destes sectores, como amosan as máis de 220 solicitudes presentadas. O obxectivo é reducir os consumos de enerxía eléctrica da industria e dos servizos, que na comunidade representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final. Para isto, as axudas máximas concedidas chegan case ata os 200.000 euros por proxecto, alcanzando un 20% do investimento para as grandes empresas. No caso das pequenas, a porcentaxe de axuda increméntase e supón un 40% do total, e un 30% para as medianas empresas.

Cómpre salientar que, nos caso dos proxectos que se desenvolverán nas provincias de Ourense e Lugo, e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortelgal e na Costa da Morte, os apoios contaron cunha valoración técnica superior dun 5%.

As actuacións que se van realizar son de carácter anual e bianual. No sector industrial, as axudas van encamiñadas á substitución ou mellora de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía do proceso produtivo por outros que utilizan tecnoloxía de alta eficiencia. Neste tipo de iniciativas, o aforro enerxético mínimo é dun 5% respecto do consumo inicial. En ambos os sectores apóianse investimentos para a renovación de equipamentos en iluminación interior que supoñen un aforro enerxético mínimo dun 30%.

Así mesmo, impúlsase a renovación de equipamentos de instalacións existentes de climatización por outras de alta eficiencia enerxética, que supoñen un aforro mínimo dun 20%. Ademais, no sector servizos foméntanse medidas para implantar unha contabilización ou telexestión do consumo de enerxía, vale con carácter xeral, para todo tipo de beneficiarios, calquera outra actuación de aforro que garanta un 20% de redución de consumo de enerxía.

Con este novo paquete de axudas, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co aforro e a eficiencia enerxética, eido no que está a desenvolver un plan integral de actuacións a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), tanto entre empresas como nos fogares e na propia Administración pública. Así, os programas executados nos últimos cinco anos permiten, nestes momentos, un aforro económico anual de 72 millóns de euros, diminuíndose as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera en case 242.000 toneladas por exercicio.

## **A XUNTA DE GALICIA ASINOU MEDIO CENTO DE CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES GALEGAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2013**

- ***As consellerías asinaron acordos por un importe superior aos 1,2 millóns de euros***
- ***Destacan os acordos dirixidos ao alumnado; á realización de másters oficiais que melloren a calidade da oferta académica do Sistema universitario galego; e máis ao apoio á inserción laboral dos estudantes do SUG***

A Xunta de Galicia asinou no primeiro semestre de 2013 un total de 50 convenios coas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), o que supuxo unha achega de máis de 1,2 millóns de euros.

Así o reflicte o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

### **Accións dirixidas ao alumnado**

Ademais, o maior número de accións corresponde ás axudas para o apoio ás accións sociais, culturais, deportivas e voluntariado dirixidas ao alumnado universitario galego, un total de 18 convenios. Tras isto, a maior parte dos acordos destináronse ao financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente, un total de 12; mentres que 12 deles tiveron como obxectivo a realización de másters oficiais que melloren a calidade da oferta académica do Sistema universitario galego.

Así mesmo, seis convenios tiveron como obxectivo apoiar a inserción laboral dos titulados do SUG e outros dous o apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.

Por número de convenios asinados destacan Sanidade (10), Traballo e Benestar (8), Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (8) e Presidencia da Xunta de Galicia (7). Tamén asinaron acordos coas universidades as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (6), Vicepresidencia, Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza (5), a de Economía e Industria (4), e a de Mar e Medio Rural (2).



## **A DECLARACIÓN COMO BEN DE INTERESE CULTURAL DAS COLECCIÓN ARTÍSTICAS DAS ANTIGAS CAIXAS DE AFORROS GALEGAS PERMITIRÁ PRESERVAR A SÚA INTEGRIDADE**

- *A vindeira semana sairá publicada a incoación destas coleccións no Diario Oficial de Galicia*
- *A colección artística das antigas caixas está formada por máis de 7.000 obras de artistas tan relevantes como Antonio de Puga, Serafín Avendaño, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Castelao, Laxeiro, Díaz Pardo, Eugenio Granell, Urbano Lugrís, Fernando Casás, Leopoldo Nóvoa, Antón Lamazares, Francisco Leiro, Murado, Antón Patiño ou Xaime Quessada*
- *A declaración BIC tamén inclúe o fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco, que está conformado por obras de entre os séculos XV e XVII, entre eles diversos incunables e abundantes publicacións de gran valor histórico*

**Santiago, 26 de setembro de 2013.-** A declaración como Ben de Interese Cultural dos fondos artísticos de Novacaixagalicia e Novagalicia Banco, e o fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco, permitirá preservar a integridade destas coleccións e garantir o goce das mesmas por parte de todos os galegos. A declaración BIC e o instrumento legal máis importante de protección do patrimonio cultural.

A vindeira semana está previsto que Diario Oficial de Galicia publique a incoación dos expedientes destas coleccións. A Xunta de Galicia leva tempo traballando neste trámite de protección, no que se incoarán tres expedientes de forma paralela e independente. A declaración deste patrimonio artístico como 'coleccións' garante o seu tratamento conxunto.

O carácter sobranceiro das coleccións recollen un conxunto artístico único pola calidade das obras que a compoñen e o alcance simbólico e representativo da evolución da arte galega dos últimos tempos.

A mera incoación dos expedientes determina a inmediata e provisional aplicación do réxime de protección previsto na lei de patrimonio para os bens xa declarados, o que supón a obriga de dar conta á Administración de toda xestión, intervención ou actuación sobre os mesmos; e permitirá contar tamén cunha base máis sólida para o exercicio das facultades de inspección e compilación de datos.

### **Colección de arte de Novacaixagalicia**

A colección de arte de Novacaixagalicia está composta por un total de 5.638 obras de artistas de comezos do século XIX ata os nosos días, que inclúe creacións escultóricas, gravados, pinturas, fotografías, etc. Este fondo conta con obras de Jenaro Pérez

Villaamil, Antonio de Puga, Serafín Avendaño, Jenaro Carrero Fernández, Fernando Álvarez de Sotomayor, Francisco Lloréns, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, entre outros, destacando a obra de Alfonso Rodríguez Castelao e Xosé Otero Abeledo – Laxeiro.

Asemade, tamén compre destacar as creacións de Isaac Díaz Pardo, Eugenio Fernández Granell, Urbano Lugrís, Fernando Casás, Leopoldo Nóvoa, Antón Lamazares, Francisco Leiro, Murado, Pamen Pereira, Antón Patiño, Menchu Lamas, José Lodeiro, Rafael Baixeras, Francisco Mantecón, Caruncho, Rafael Baixeras, Jorge Castillo ou Manuel Pailós.

### **Fondos artísticos de Novagaliciabanco**

Pola súa banda, a colección artística de Novagaliciabanco esta formada por 1.343 obras de pintura, escultura, debuxos, fotografía e instalacións de máis de douscentos artistas a meirande parte deles galegos.

Os autores destas obras pertencen a diferentes épocas, entre os que destacan Sotomaior, Ovidio Murguía, Francisco Lloréns, Manuel Abelenda, Alfonso Rodríguez Castelao, Xosé Otero Abeledo, Laxeiro, Urbano Lugrís, Eugenio Granell, Leopoldo Nóvoa, Manuel Molezún, Luís Caruncho, Jorge Castillo, Francisco Leiro ou Xaime Quessada.

Este importante fondo tamén conta con obras de outros artistas nacionais e internacionais da talla de Picasso, Antonio Saura, Manuel Millares, Rafael Canogar, Chillida, Dalí, Tàpies, Julio González, Oteiza, Gordillo, Barceló, Kandinsky, Juan Gris, Fernand Léger, Georges Braque, Joan Miró ou Chagal.

### **Fondo bibliográfico**

Doutra banda, a declaración BIC inclúe o fondo bibliográfico e documental de Novagalicia Banco, que inclúe preto de cincenos volumes antigos e recentes do ámbito económico; unha colección de autógrafos de diversos personaxes e autores galegos; unha valiosa recompilación de 66 obras anteriores ao ano 1500 ou dese ano, onde figuran impresos venecianos, de Roma, Florencia, Bolonia; alemáns (de Nuremberg, Maguncia, Reutinguen, Leipzig, Augsburgo); de Lyon (Lugudunium), París e outras cidades.

Dentro desta colección destaca o fondo histórico cun total de 2.350 volumes (o número de obras é menor pois varias delas conteñen varios volumes) con obras que van, na súa maioría, dende o século XVI ata principios do XX. Abundantes obras do XVI e moitas do XVII, algunhas de gran valor, como o Quixote de Amberes de 1697, o Jenofonte de Basilea de 1545, obras de Virgilio, Ovidio, Homero, Boecio, Duns Scoto, Justino, Cicerón, Juan de Granada, Apiano, Dion Casio, San Atanasio e moitos outros en

coidadas edicións. Do século XVI destaca un Ruscelli veneciano de 1583 sobre a milicia, hai abundantes obras do XVII e XVIII, así co as Memorias de Napoleón, editadas en 1823.

Asemade, tamén hai 11 facsímiles, algúns de alto valor e interese como o da Biblia Xudía Kennicot, o do Codex Calixtinus ou o Quixote en galego con gravados orixinais de varios autores. Entre eles existen exemplares editados pola propia Caixa, como o Calixtino de Salamanca

## **SANIDADE PON Á DISPOSICIÓN DOS SEUS PROFESIONAIS PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE FORMACIÓN PARA O DESENVOLVENTO DO SEU TALENTO INNOVADOR**

- ***Permitirán chegar as mellores prácticas internacionais neste eido tanto para doutorandos ou residentes en período de formación como para facultativos e investigadores en fases temperás das súas carreiras, cun total de 36 prazas***
- ***Complementaranse coa creación dunha rede de titores e supervisores que axuden a desenvolver profesionalmente o mellor talento profesional e científico de Galicia***

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde poñen á disposición dos seus profesionais programas específicos de formación para o desenvolvemento do seu talento. Desta forma, súmanse á iniciativa que xa ten en marcha a Consellería de Cultura, Educación e Orientación Universitaria xunto coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), a Fundación Barrié, e as tres universidades galegas.

Estas iniciativas permitirán chegar as mellores prácticas internacionais no campo da formación e adestramentos en competencias transversais, tanto para doutorandos ou residentes en período de formación como para facultativos e investigadores en fases temperás das súas carreiras.

Estas actuacións complementarase coa creación dunha rede de titores e supervisores que axuden a desenvolver profesionalmente o mellor talento profesional e científico de Galicia. Estes programas de formación, referencia en Europa, perseguen desenvolver o talento das persoas e así facilitar o impacto da investigación e a innovación que se fai nesta comunidade autónoma.

Neste senso, nesta aposta pola valorización do potencial de I+D+i e dos profesionais que a fan posible, levaranse a cabo catro programas de formación e capacitación, cun total de 36 prazas dispoñibles, que terán lugar ao longo deste ano: GRADschool, Leadership, Formación titores GRADschool e Supervisores Masterclass (mentores).

Os GRADschools son cursos intensivos deseñados para amosar horizontes profesionais, desenvolver habilidades e reflexionar de xeito informado sobre os posibles sendeiros da carreira profesional ligada ao coñecemento intensivo. Están dirixidos a residentes que non estean no primeiro nin no último ano de residencia no sistema público de saúde de Galicia con inquietudes na I+D+i e que estean interesados en reflexionar sobre o seu desenvolvemento e orientación profesional, nun modelo aberto e participativo.

O programa Leadership in Action está orientado a facultativos e investigadores do Sistema público de saúde, que poderán participar nun programa que lles permitirá

explorar e desenvolver as súas habilidades de liderado, coa axuda dun equipo de seis titores do Reino Unido. O programa creouse no 2009 e neste momento é un dos programas de formación en liderado máis populares deste país.

Ademais, incorpórase a oportunidade de formar novos titores para incorporarse como formadores nos novos programas GRADschool; e no que atinxe aos supervisores masterclass (mentores) consiste na formación de profesionais que poidan ser pancas na xestión de programas de competencias investigadoras a nivel europeo que non contan con seguimento en Galicia.

## **O ANTEPROXECTO DA LEI DE ACCESIBILIDADE ACTUALIZARÁ E UNIFICARÁ A NORMATIVA NESTA MATERIA PARA IMPULSAR UNHA SOCIEDADE INCLUSIVA**

- ***Benestar informou hoxe ao Consello sobre este anteproxecto, que agora será remitido ao Consello Económico e Social para seguir a súa tramitación***
- ***Esta normativa será máis global que a anterior e incorporará ámbitos que non estaban regulados no texto de 1997, como os referidos á sociedade da información, ás telecomunicacións e ao acceso aos bens e servizos das administracións públicas***
- ***Entre outros aspectos, a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas na promoción pública pasará do 3 ao 4 por cento***
- ***Así mesmo, propón que o número de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida non se vexa afectado polas políticas restritivas que se poidan levar a cabo para fomentar a mobilidade sustentable***
- ***Establecerá un réxime de sancións máis rigoroso para favorecer a igualdade de oportunidades***
- ***Con esta lei dáse cumprimento a un dos obxectivos acordados no Plan de acción integral para persoas con discapacidade***
- ***As administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas***

O anteproxecto da Lei de accesibilidade de Galicia ten como principal obxectivo actualizar e unificar a normativa que existe actualmente nesta materia, co fin último de impulsar unha sociedade inclusiva que garanta a autonomía das persoas con discapacidade e favoreza a igualdade de oportunidades.

Benestar levou hoxe ao Consello da Xunta o informe que dá conta deste anteproxecto, que agora será remitido ao Consello Económico e Social para continuar a súa tramitación. A previsión é que poida ter entrada no Parlamento galego neste período de sesións.

A posta en marcha dunha nova normativa fundaméntase, principalmente, en dous motivos: primeiro, porque o anterior texto se publicou no 1997, data desde a cal se produciron cambios relevantes, especialmente na sociedade da información, que é preciso recoller; e, segundo, porque durante este tempo foi xurdindo unha ampla variedade de normas, a nivel estatal, que é preciso unificar para constituír un texto integrador.

Polo tanto, este anteproxecto ten en conta tanto o marco legal estatal, como a convención internacional de Nacións Unidas do 2006 ou a Estratexia europea sobre a

discapacidade 2010-2020, que recoñece expresamente que nun contorno accesible e sen barreiras as persoas con discapacidade melloran significativamente a súa autonomía, evitan a marxinación e incrementase a prevención da súa dependencia.

Este texto ten un enfoque máis global e un alcance superior ao da anterior normativa, xa que, ata o de agora, a normativa actual partía do concepto de eliminación de barreiras só no eido arquitectónico. Coa nova normativa búscase que a accesibilidade sexa universal e que se converta nun deseño para todos. De feito, estes son os dous conceptos fundamentais que introducirá este anteproxecto.

É dicir, que non só establece unha eliminación de barreiras arquitectónicas, senón que vai máis alá e inclúe, por exemplo, o concepto de accesibilidade no ámbito da comunicación co fin de superar tamén barreiras que son menos visibles.

Neste sentido, por exemplo, as administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas. Para iso, fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías-intérpretes e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado. Con esta medida, dáse cumprimento a unha demanda formulada pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).

A Xunta xa ten posto en marcha outras medidas que favorecen a accesibilidade universal como o servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas que lle garante a este colectivo o acceso, en igualdade de condicións, ao 012, a liña telefónica que canaliza todas as consultas de información xeral que a cidadanía dirixe á Administración galega.

Ademais, unha das principais novidades que recolle este texto é a inclusión de ámbitos que non están recollidos pola lexislación vixente: a sociedade da información (TIC, páxinas web....); as telecomunicacións; e o acceso aos bens e servizos das administracións públicas.

Xa no que se refire a aspectos máis concretos, cabe destacar algunhas novidades que incorpora este proxecto. Entre elas, o texto establecerá que o número de prazas de estacionamento reservado para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcamento que se poidan levar a cabo a cabo para fomentar a mobilidade sustentable.

Tamén se incrementará a porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas, no caso da promoción pública, do 3 ao 4 por cento.

En canto ao réxime sancionador, este será o máis rigoroso que permite a lei estatal co fin de frear comportamentos discriminatorios e para favorecer a igualdade de oportunidades.

O anteproxecto, co seu espírito transversal, regulará tamén que na Comisión Técnica de Accesibilidade se incorpore persoal dos departamentos autonómicos competentes en materia de urbanismo, vivenda e mobilidade, co fin de ter unha perspectiva o máis integradora posible. Este é un órgano que ten entre as súas funcións a incoación, tramitación e proposta de resolución de expedientes sancionadores en materia de accesibilidade, así como tamén se encargará de asesoramento técnico e información nesta materia.

### **Plan de acción integral**

Coa tramitación e futura posta en marcha desta lei, dáse cumprimento a un dos obxectivos acordados no Plan de acción integral para persoas con discapacidade, que contén un total de 305 actuacións das cales xa se ten executado preto do 100% (en concreto o 87%). Todas estas actividades chegaron anualmente de media a 100.000 beneficiarios, isto é, a case a metade das algo máis de 220.000 persoas con algún tipo de discapacidade que hai actualmente en Galicia, o que supón o 12 por cento da poboación.

Polo tanto, todas estas actuacións inscríbense na aposta firme e decidida do Goberno galego por mellorar a calidade de vida deste colectivo e por construír unha sociedade inclusiva. Este esforzo reflíctese tamén nas cifras: o orzamento destinado ao colectivo de persoas con discapacidade blindouse en 2013 cun total de 83 millóns de euros, destinados tanto á atención social como ao fomento do emprego.

### **Máis de 630 novas prazas**

Neste sentido, cómpre salientar o esforzo da Consellería de Traballo e Benestar para atender a discapacidade, que tamén se reflicte na creación, desde 2009, dun total de 631 prazas de atención a este colectivo.